



Iria-Friné Rivera Vázquez guía este domingo un novo roteiro literario da AELG arredor de Castelao

16 de decembro de 2025

Redacción

<https://xornaldacoruna.gal/2025/12/16/iria-frine-rivera-vazque-guia-este-domingo-un-novo-roteiro-literario-da-aelg-arredor-de-castelao/>

Volve a Asociación de Escritores en Lingua Galega artellar un novo Roteiro pola cidade. A ruta chamada “Historias da Arte: Castelao e os seus contemporáneos”, será guiada por Iria-Friné Rivera Vázquez, vai ter lugar o domingo 21 de decembro, a partir das 12:00 horas, na Coruña, tendo como punto de saída o Monumento a Eduardo Pondal, no Cantón Pequeno.

Coñecerase como foi a vivencia de Castelao na Coruña en relación aos seus contemporáneos. Nado en 1886, as sucesivas influencias de persoeiros ligados a esta cidade resultan relevantes. Isto non só sucede pola importancia que estas influencias puideron ter nel como pensador, artista, político e figura pública, senón tamén na retroalimentación que sucedeu. Está a parte del como cidadán e a parte do contacto que a cidadanía ten coa súa obra escrita, artística, intelectual e política. Este roteiro a través de diferentes camiños e obras no espazo público resulta unha exploración de todos eses feitos, mostrando unha interrelación viva e activa en feitos, palabras e persoas que segue a ter repercusión hoxe en día.